



# VI Concurso de Cartas de Nadal

## BASES

**PRIMEIRA:** Para participar no concurso, as cartas teñen que estar escritas en lingua galega. O xurado valorará a adecuación ao tema proposto e a creatividade, tanto do texto coma da decoración/ilustración da carta.

**SEGUNDA:** Establécense tres categorías:

- Educación infantil
- Primeiro ciclo de primaria (1º e 2º)
- Segundo ciclo de primaria (3º e 4º)

**TERCEIRA:** As cartas depositaranse antes do 18 de decembro, nas caixas de correo real situadas nas bibliotecas, nas casas da cultura e na Casa do Concello.

**CUARTA:** Os Magos enviarán unha carta resposta cun pequeno agasallo a todos os e as participantes que envíen ben os seus datos.

Para que os Magos poidan contestar deben aparecer moi clariños os datos persoais dos e das participantes: **nome e apelidos, curso, enderezo postal e teléfono de contacto**

**QUINTA:** Os magos de Oriente e o Apalpador nomearán un xurado en colaboración co Concello de Ames. Os premios (dous por cada unha das categorías) entregaranos os Reis Magos o día 5 de xaneiro, na cabalgata real.

**SEXTA:** Algunha das cartas premiadas será utilizada polo Concello de Ames como imaxe para este concurso e para a programación de Nadal do ano vindeiro.

Decembro, 2012

**Información:**

981 884 991

normalizacion@concellodeames.org

www.concellodeames.org

